

## BASES

### **1. Modalidades**

1.1 As modalidades establecidas para o concurso neste certame son as seguintes:

- Solista
- Grupo tradicional (cuarteto ou quinteto).

### **2. Formacións**

2.1 O gaiteiro solista poderá ir acompañado por ata 2 instrumentos de percusión tradicional.

2.2 O grupo tradicional comporase, como mínimo, de dúas gaitas, tamboril e bombo. Nos quintetos, o quinto instrumento poderá ser unha gaita adicional, un instrumento de percusión tradicional ou algún instrumento empregado por agrupacións tradicionais no pasado: requinta, clarinete, etc.

2.3 De forma excepcional, admitirase a concurso a forma de agrupación tradicional formada exclusivamente por dúas gaitas, dúas requintas, tamboril e bombo.

### **3. Instrumentos**

3.1 Os instrumentos serán de formato e feitura tradicional, quedan excluídas explicitamente as percusións de alta tensión e as gaitas denominadas "marciais".

3.2 Por instrumento de percusión tradicional enténdense instrumentos artesanais empregados por agrupacións tradicionais no pasado: tamboril, bombo, pandeireta, pandeiro, cunchas, tarrañolas...

3.3 A tonalidade dos instrumentos é libre a elección dos participantes.

### **4. Participantes**

4.1 A fin desexada deste certame é a de promover a participación das agrupacións musicais e culturais que están a agrumar na comarca e arredores, e tamén a de músicos que non pertenecen a asociación ou agrupación algúns.

4.2 Poderán participar agrupacións musicais e cantas persoas deseñen, sen límite de idade.

4.3 Un mesmo gaiteiro poderá participar nas dúas categorías, como solista e como parte dun grupo, pero non poderá participar en máis dun grupo como gaiteiro.

4.4 Os percusionistas poderán acompañar a varios solistas e a varios grupos, sen límite de participación.

4.5 Non é obligatorio vestir traxe tradicional ou uniforme, pero poderá ser valorado polo xurado.

### **5. Inscripción**

5.1 A data límite de inscripción no certame é o venres 7 de setembro ás 14 horas.

5.2 A inscripción realizarase contactando coa Asociación "A Moreniña" antes da data e hora límites a través dos seguintes medios:

- teléfonos 981 86 66 63 / 981 86 63 81, en horario de 8 a 14 horas de luns a venres,

- correo-e: certame@guadaluperianxo.com

- persoalmente na Casa de Cultura "Cuartel Vello". Praza Castelao, s/n 15920 Rianxo.

5.3 Os datos a proporcionar no momento da inscripción son os seguintes:

- datos persoais e breve currículum

- datos de contacto, preferibelmente teléfono

5.4 Se o número de inscripcións fose moi elevado a organización, a criterio do xurado, seleccionaría aos grupos e solistas que participaran no certame en base á orde de inscripción ou outros criterios.

5.5 A organización confirmará a participación por vía telefónica a partir do peche das inscripcións.

### **6. Desenvolvemento do certame**

6.1 Os participantes deberán presentarse no Pazo de Martelo (Praza de Rafael Dieste, Rianxo) antes das 19 horas do martes 11 de setembro.

6.2 O número de participantes no concurso poderá variar en función da cantidade de inscripcións. A organización poderá axustar os parámetros da celebración (tempo disponíbel, etc) segundo máis convénia ao bo desenvolvemento certame.

6.3 Os participantes disporán dun lugar cuberto para gardar instrumentos e indumentaria, de zona de ensaio e de refrixerio.

6.4 En primeiro lugar serán chamados por orde inverso ao de inscripción os Solistas, que interpretarán unha peza obrigatoria e unha ou varias da súa elección, cun tempo máximo de 9 minutos.

6.5 Seguirán os Grupos Tradicionais, cun tema obrigatorio e un ou varios da súa elección, cun tempo máximo de 9 minutos.

6.6 Exceder o tempo establecido de 9 minutos (dende o inicio da música) suporá a descalificación do/s concursante/s.

6.7 A non comparecencia tras un tempo razonable resolverase con descalificación.

6.8 Os gañadores interpretarán, tras a entrega de premios, unha ou varias pezas da súa elección.

### **7. Pezas**

7.1 As pezas obrigatorias para cada unha das categorías son as seguintes:

- Solista: A Camposa

- Grupos: Lembrando

7.2 A duración das pezas obrigatorias queda a elección dos concursantes.

7.3 Os temas libres escollidos deberán ser pezas galegas (tradicionais ou de autor) ou unha mestura delas.

7.4 As partituras e arquivos de son das pezas obrigatorias están disponíveis na páxina electrónica da asociación: [www.guadaluperianxo.org](http://www.guadaluperianxo.org)

### **8. Premios**

8.1 Na modalidade de solistas:

- 1º Premio: 300 € - 2º Premio: 100 €

8.2 Na modalidade de grupos:

- 1º Premio: 500 € - 2º Premio: 200 €

### **9. Xurado**

9.1 O xurado estará formado por xente recoñecida pertencente ao mundo da música tradicional e será dado a coñecer ao inicio do certame.

9.2 As decisións do xurado son inapelábeis.

9.3 Todo suposto non sinalado nestas bases será resolto a criterio do xurado e a organización.

9.4 A participación no concurso do certame implica a aceptación destas bases.